

Exp.	Nome e apelidos	NIF	Destino 1	Meses destino	Axuda instituc.	Cuantía mensual	Importe destino	Destino 2	Meses destino	Cuantía mensual	Importe destino	Destino 3	Meses destino	Cuantía mensual	Importe destino	Total
26	Crespo Mariño, Juan Luis	78790530M	España	7,07	400	1.200	8.884		0	0	0		0	0	0	8.884
12	Fernández Otero, Cristina I.	32843104R	EEUU	6,33	1.000	1.900	13.027		0	0	0		0	0	0	13.027
30	Fernández Tajas, Juan	78796318C	España	8,13	400	1.200	10.156		0	0	0		0	0	0	10.156
4	Gómez Carracedo, Mª Paz	32826644D	Portugal	6,07	400	1.200	7.684	Italia	3,03	1.500	4.545		0	0	0	12.229

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 5 de agosto de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións na pesca costeira artesanal, cofinanciadas polo Fondo Europeo da Pesca (FEP), e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2008.

O 1 de xaneiro de 2007 entrou en vigor o Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca (FEP), que substitúe ao Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) e define o marco de apoio comunitario a favor do desenvolvemento sustentable do sector pesqueiro. Este regulamento establece a posibilidade de apoiar de maneira específica, aínda que complementaria con respecto a outras medidas nel establecidas, á pesca costeira artesanal.

En aplicación da normativa comunitaria citada, esta orde regula as bases que rexerán para a concesión de subvencións para investimentos dirixidos á mellora do subsector da pesca costeira artesanal durante o período de vixencia do Programa Operativo do Fondo Europeo de Pesca, cuxas prioridades e obxectivos están establecidos no Plan estratéxico nacional e que se integran no documento de programación (Programa Operativo) aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión C(2007) 6615, do 13 de decembro de 2007.

As subvencións reguladas nesta orde están destinadas a dar cobertura soamente aos gastos individuais nos que incorran propietarios, armadores e pescadores de embarcacións que practiquen a pesca costeira artesanal, derivados da realización de proxectos tanto individuais como colectivos. Dan cobertura, polo tanto, exclusivamente nos termos do establecido no punto 4 do artigo 26 do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca (FEP).

En consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 30.1º. 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983,

do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións na pesca costeira artesanal, para o período 2007-2013, entendéndose por pesca costeira artesanal a que practican os buques pesqueiros cunha eslora total inferior a 12 metros e que non utilicen as artes de arrastre mencionadas no cadro 3 do anexo I do Regulamento (CE) nº 26/2004 da Comisión, do 30 de decembro de 2003, relativo ao rexistro comunitario da flota pesqueira (DO L5 do 9-1-2004). Estas subvencións están cofinanciadas polo Fondo Europeo da Pesca (FEP).

Así mesmo, esta orde procede á convocatoria destas subvencións para o exercicio 2008.

Artigo 2º.-Marco normativo.

Para a concesión e execución destas subvencións, haberá que aterse ao disposto nas bases reguladoras establecidas nesta orde, así como nas seguintes normas:

a) Regulamento (CE) 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca, e resto de disposicións comunitarias aplicables.

b) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

c) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.

d) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

f) Se é o caso, normativa reguladora da tramitación anticipada de expedientes de gasto (Orde, da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001).

g) Normativa básica que dite o Estado relativa a estas subvencións.

Artigo 3º.-*Crédito orzamentario.*

1. As subvencións concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias que en cada un dos anos de vixencia do Programa Operativo do Fondo Europeo da Pesca (FEP) 2007-2013 sinala a correspondente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. En cada anualidade sucesiva ata o ano 2013, fixarase por unha orde complementaria o crédito anual existente.

3. Os importes fixados en cada orde complementaria anual, así como as aplicacións orzamentarias ás que se imputen, poderán ser ampliados con fondos incorporados e remanentes adicionais, así como procedentes de modificacións orzamentarias.

4. As axudas estarán limitadas en todo caso ás dispoñibilidades orzamentarias.

5. Das dispoñibilidades orzamentarias anuais existentes para atender a estas subvencións, destinarase o 80% a proxectos colectivos e o 20% a proxectos individuais. O remanente que, se é o caso, se puidese producir na proposta de concesión de subvencións nun dos grupos sinalados de proxectos, aplicárase ao outro.

6. Poderanse adquirir compromisos de carácter plurianual, de acordo co artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

7. Para o ano 2008 as axudas concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias 14.03.722A.770.0 e 14.03.722A.780.0 que figuran dotadas no orzamento de gastos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para 2008. O importe total máximo do conxunto das subvencións que se concedan no dito exercicio orzamentario, sen prexuízo do establecido no punto 3 deste mesmo artigo, ascenderán a 8.576.000 euros, distribuídos da seguinte maneira por anualidades e aplicacións orzamentarias:

-Anualidade 2008: 5.360.000 € (14.03.722A.770.0); 1.340.000 € (14.03.722A.780.0).

-Anualidade 2009: 1.876.000 € (14.03.722A.770.0).

Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios destas subvencións:

a) Os propietarios e armadores de embarcacións cunha eslora total inferior a 12 metros, con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas na lista terceira do Censo da Flota Pesqueira Operativa e do Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia, que gocen de permiso de explotación para a actividade e sempre que non utilicen as artes de arrastre mencionadas no cadro 3 do anexo I do Regulamento (CE) nº 26/2004 da Comisión, do 30 de decembro de 2003, relativo ao rexistro comunitario da flota pesqueira (DO L5 do 9-1-2004).

b) Os pescadores enrolados en embarcacións, cando estas reúnan todas as condicións citadas no punto da letra a) anterior.

c) As agrupacións de persoas citadas en calquera dos dous puntos anteriores, letras a) e b), constituídas para a realización dun proxecto colectivo. Estas agrupacións deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. O representante ou apoderado único poderá ser unha das persoas integrante da agrupación así como unha entidade de interese colectivo das definidas na Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia, como calquera forma asociativa de dereito público ou privado, tales como confrarías, asociacións, cooperativas e organizacións constituídas por produtores de base e organizadas para desenvolver actividades consideradas na dita lei, sempre que teñan a sede social e desenvolvan as súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia. As agrupacións deberán facer constar expresamente na solicitude os compromisos de execución que, na realización do proxecto colectivo, asume cada un dos seus membros, así como o importe da subvención para a aplicar por cada un deles. A agrupación non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo establece o artigo 8 da dita lei.

2. Non poderán ser beneficiarios destas subvencións as persoas nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Os beneficiarios, ao formalizar a súa solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que se establecen nesta orde para a concesión e pagamento das subvencións, así como ao cumprimento dos requisitos estipulados na normativa de aplicación a estas.

2. Os beneficiarios deberán:

a) Executar o proxecto subvencionado dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión con cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, na presente orde de convocatoria ou demais normativa de aplicación, de forma que se poida realizar a comprobación documental e material da execución do proxecto subvencionado.

b) Acreditar, mediante declaración responsable, que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

c) Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o que se conceda a subvención durante un período mínimo de cinco anos. Durante este período o beneficiario deberá solicitar autorización á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos se pretendese o cambio de destino do ben subvencionado, alleamento, gravame ou substitución por outro ben que sirva en condicións análogas ao subvencionado.

d) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedente da subvención a obtención doutras subvencións e axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente, tanto públicos como privados.

f) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e a proposta de pagamento da subvención que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude para a concesión da subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, co fin de acreditar de que o beneficiario está ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlles requiridos ao interesado.

g) No caso de axudas concedidas a bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura e no rexistro público correspondente o importe de subvención concedida e o período durante o cal os bens subvencionados quedan adscritos ao fin concreto recollido na subvención.

h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

i) Comunicarlle á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os que foi concedida a axuda de que se trate.

j) Darlle a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado con expresa mención á participación do Fondo Europeo da Pesca (FEP), nos termos regulamentariamente establecidos.

k) Se o beneficiario é unha pluralidade de persoas sen personalidade xurídica propia, a agrupación non poderá disolverse ata que transcorran catro anos desde o cobramento da axuda, para os efectos do previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6º.-*Proxectos obxecto de subvención.*

1. Os proxectos obxecto de subvención poderán ser individuais e colectivos.

2. Os proxectos individuais son os presentados individualmente por pescadores, propietarios ou armadores de buques, que practiquen a pesca costeira artesanal, e que teñan por finalidade a consecución de calquera dos seguintes obxectivos:

a) A utilización de innovacións tecnolóxicas (técnicas de pesca máis selectivas que vaian máis alá das obrigas en virtude da lexislación comunitaria ou innovacións co fin de protexer as artes e as capturas dos depredadores) que non aumenten o esforzo pesqueiro.

b) A mellora das aptitudes profesionais e da formación no ámbito da seguranza.

3. Os proxectos colectivos son os presentados por unha agrupación, constituída para o efecto, de pescadores, propietarios ou armadores de buques, que practiquen a pesca costeira artesanal, e que teñan por finalidade a consecución de calquera dos seguintes obxectivos:

a) A organización da cadea de produción, transformación e comercialización dos produtos pesqueiros procedentes das capturas dos buques que exerzan a pesca costeira artesanal.

b) A adopción de medidas de carácter voluntario para reducir o esforzo pesqueiro coa finalidade de conservar os recursos.

c) A utilización de innovacións tecnolóxicas (técnicas de pesca máis selectivas que vaian máis alá das obrigas, en virtude da lexislación comunitaria ou innovacións co fin de protexer as artes e as capturas dos depredadores) que non aumenten o esforzo pesqueiro.

d) A mellora das aptitudes profesionais e da formación no ámbito da seguranza.

4. Os investimentos subvencionables poderán ter carácter plurianual. A subvención que, neste caso, se conceda aterase aos límites establecidos para os compromisos de gasto plurianuais no artigo 58º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. No caso de concederse unha subvención plurianual, o importe que corresponda a cada exercicio orzamentario non poderá ser inferior ao 10% do importe total da subvención en ningún dos anos nos que se estenda a súa execución material, agás, se é o caso, non derradeiro exercicio.

Artigo 7º.-*Requisitos e condicións dos proxectos.*

1. Os proxectos colectivos deben ter a suficiente entidade, e polo tanto, participación, en relación á zona pesqueira, sector produtivo ou porto a que se refiran, para acadar o obxectivo pretendido, dos relacionados no punto 3 do artigo 6º desta orde.

2. Polo que respecta aos proxectos colectivos que teñan por finalidade a consecución de calquera dos obxectivos das letras a) e c) do punto 3 do artigo 6º desta orde, as agrupacións que os leven a cabo deberán contar entre os seus membros cos propietarios e/ou armadores dun mínimo de 10 embarcacións, podendo, non obstante, ser esta cifra inferior sempre que represente, polo menos, o 30% das embarcacións de pesca costeira artesanal dun mesmo porto base dedicadas ao sector de produción de que se trate, podéndose identificar a este sector pola característica común dos participantes no proxecto en canto á arte utilizada, especie capturada, área de traballo, etc.

3. Os proxectos colectivos que teñan por finalidade a consecución do obxectivo da letra b) do punto 3 do artigo 6º desta orde, poderán consistir en paralizacións voluntarias, temporais ou definitivas, da actividade pesqueira.

3.1. Os proxectos colectivos consistentes en paralizacións voluntarias temporais referiranse a unha zona, arte, especie ou porto base concretos, ou a unha combinación deles, e estarán subscritos, polo menos, polos propietarios e/ou armadores do 90% das embarcacións de pesca costeira artesanal que operen na zona, coa arte, á especie ou teñan o porto

base aos que, en todos os casos, se refire o proxecto.

O proxecto deberá ter:

-Unha duración mínima dun mes.

-O informe favorable da Dirección Xeral de Recursos Mariños, da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que será recabado polas unidades administrativas da Consellería instrutoras do expediente de subvención.

No caso de concederse subvención ao proxecto de paralización:

-A Dirección Xeral de Recursos Mariños establecerá, mediante resolución, a prohibición de faenar na zona, coa arte, á especie ou ás embarcacións, en todos os casos, afectadas, durante o período de tempo establecido no proxecto.

-As embarcacións que reciban a subvención, non poderán exercer ningunha actividade pesqueira, ou doutro tipo que sexa remunerada, durante o período que dure a paralización, polo que deberán estar amarradas ou fondeadas no porto.

3.2. Os proxectos colectivos consistentes en paralizacións voluntarias definitivas referiranse a unha zona, arte, especie ou porto base concretos, ou a unha combinación deles, e estarán subscritos polos propietarios e/ou armadores de, polo menos, 10 embarcacións de pesca costeira artesanal, podendo, non obstante, ser esta cifra inferior sempre que represente, polo menos, o 30% das embarcacións de pesca costeira artesanal que operen na zona, coa arte, á especie ou teñan o porto base a que, en todos os casos, se refira o proxecto. O proxecto deberá ter o informe favorable da Dirección Xeral de Recursos Mariños, da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que será recabado polas unidades administrativas da Consellería instrutoras do expediente de subvención.

As embarcacións que participen nun proxecto de paralización voluntaria definitiva deberán cumprir os seguintes requisitos:

-Ter unha antigüidade de mínima de 10 anos.

-Que cando se solicite a axuda a embarcación estea libre de cargas e gravames, salvo que a súa cancelación estea suficientemente garantida.

-Que non se achegara a embarcación como baixa para unha nova construción ou modernización.

-Cumprir un dos dous seguintes requisitos:

i. Ter unha actividade pesqueira durante, polo menos, 90 días de pesca en cada un dos dous períodos de 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude de paralización definitiva, ou

ii. Ter unha actividade pesqueira durante, polo menos, 120 días de pesca nos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude de paralización definitiva.

A data inicial de referencia para o cómputo, cara atrás no tempo, dos períodos de 12 meses citados será a de presentación da solicitude de axuda de paralización voluntaria definitiva.

As embarcacións incluídas nun proxecto de paralización voluntaria definitiva, no caso de concederse subvención, terán necesariamente un dos seguintes destinos:

-O despezamento ou afundimento substitutorio.

-Asignación definitiva a actividades non relacionadas coa pesca.

-Posta en terra para fins ornamentais garantindo a súa non flotabilidade.

O prazo para a materialización do destino que deben ter as embarcacións, no caso de paralización voluntaria definitiva, será establecido na resolución de concesión da subvención, non podendo exceder, en calquera caso, de 6 meses contados desde o día seguinte ao de notificación da concesión da subvención. Excepcionalmente, poderá concederse unha prórroga, nos termos do artigo 21º desta orde, mediante resolución do órgano concedente da subvención, que deberá solicitarse dentro do prazo de execución indicado na resolución. A solicitude de prórroga deberá presentarse por escrito, estar suficientemente motivada e deberá depositarse un aval do 5% do importe da subvención que lle corresponda ao propietario ou propietarios afectados pola prórroga. En calquera caso, non poderá tramitarse o pagamento da subvención concedida a un proxecto colectivo de paralización voluntaria definitiva ata que se acredite o destino obrigado de todas as embarcacións participantes no proxecto.

3.3. As tripulacións das embarcacións afectadas polos plans de paralización voluntaria, tanto definitiva e como temporal, poderán acceder a axudas de carácter socioeconómico a que fai referencia o Regulamento (CE) 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca. Estas axudas regularanse, se é o caso, mediante unha orde específica.

4. Os proxectos, individuais e colectivos, que teñan por finalidade, respectivamente, a consecución dos obxectivos da letra b) do punto 2 e da letra d) do punto 3, nos dous casos do artigo 6º desta orde, poderán consistir en asistencia a cursos de formación. Se se trata de proxectos colectivos, deberán ser realizados por agrupacións que teñan un número mínimo de integrantes, que será de 5 membros (armadores ou pescadores tripulantes) ou a

totalidade dos membros da tripulación dunha embarcación de pesca costeira artesanal, sempre que sexan 2 ou máis.

Artigo 8º.-Comprobación pola Administración de determinados requisitos exixidos para a subvención dun proxecto e para ser beneficiario.

As unidades administrativas da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, instrutoras dos expedientes de solicitude de subvención, comprobarán de oficio aqueles requisitos exixidos para a subvención dos proxectos e para ser beneficiario, aos que teñan acceso por consistir en documentación ou rexistros propios da consellería, ou dos que teñan autorización de acceso, e que non se poidan verificar pola documentación que, nesta orde, se lles exige que presenten os interesados.

Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole o cumprimento destes requisitos non puidesen ser verificados polos servizos da consellería, poderá serlle requirido ao interesado a documentación necesaria para a súa verificación.

Artigo 9º.-Gastos subvencionables.

Poderán subvencionarse os seguintes tipos de gasto:

- a) Adquisición de material e equipos, así como a súa instalación e montaxe.
- b) De ensaio, análise e validación de técnicas ou equipos de pesca.
- c) Paralizacións voluntarias, tanto temporais como definitivas, mediante unha cantidade compensatoria. As cantidades compensatorias máximas por este concepto recóllense no anexo I desta orde.
- d) De cursos de formación: matrícula, asistencia, material, gastos de desprazamento, manutención e aloxamento (axuda de custos).

Artigo 10º.-Gastos non subvencionables.

Non serán subvencionables os seguintes gastos:

- a) O imposto sobre o valor engadido (IVE) ou calquera outro imposto recuperable polo beneficiario, agás nos casos nos que se achega certificado expreso do Ministerio de Facenda na porcentaxe non recuperable del.
- b) Os intereses debedores.
- c) Todos aqueles outros previstos con este carácter na normativa de aplicación.

Artigo 11º.-Certificación de non inicio.

1. Como norma xeral, os investimentos ou gastos que se vaian subvencionar non se poderán iniciar antes da data de presentación da solicitude de axuda nin antes da realización da certificación de non inicio por parte da Consellería de Pesca e Asuntos

Marítimos, nos casos nos que esta certificación sexa exixible.

2. A certificación de non inicio soamente será exixible cando os investimentos ou gastos que se vaian realizar consistan en instalacións materiais fixas. A certificación será realizada, de oficio ou por petición do interesado no momento de efectuar a solicitude de axuda, polos servizos periféricos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

3. No resto dos casos, nos que os investimentos ou gastos non consistan en instalacións materiais fixas, será necesario realizar, polo solicitante ou representante da agrupación, unha declaración de que os investimentos ou gastos non foron realizados, que acompañará á solicitude de subvención.

4. Cando, sendo exixible a certificación de non inicio, fose necesario realizar os investimentos ou gastos antes da presentación da solicitude de subvención, e sempre que se xustifique debidamente, de forma excepcional, poderá facerse unha certificación de non inicio inmediatamente antes de que comecen os investimentos. Esta certificación solicitarase dos servizos periféricos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, acompañada do proxecto, memoria descritiva dos aspectos técnicos e económicos do investimento, facturas pro forma ou catálogos que permitan facer unha valoración do investimento a realizar e terá efectos na convocatoria inmediatamente seguinte.

5. No caso de que a solicitude non fose seleccionada por falta de crédito, a certificación de non inicio poderá ter efecto tamén nos períodos de resolución seguintes, sempre que o solicitante, se así se esixe, confirmase a súa solicitude de axuda.

6. A realización da certificación de non inicio dos investimentos en ningún caso implica dereito á concesión da axuda, nin mérito para iso.

Artigo 12º.-*Tipo e contía das subvencións.*

1. As subvencións establecidas nesta orde están destinadas a dar cobertura, unicamente, aos gastos individuais que se xeren na realización de proxectos tanto individuais como colectivos. Enténdese por gastos individuais aqueles nos que incorren, de xeito individual, propietarios, armadores e pescadores na realización dun proxecto individual ou colectivo.

2. A subvención poderá chegar ao 100% do gasto subvencionable individual, cun límite máximo de 15.000 euros por propietario, armador ou pescador. Exceptúase do límite dos 15.000 euros sinalado, a subvención por paralización voluntaria, tanto temporal como definitiva, que terá a contía máxima que se establece no anexo I.

3. Sen prexuízo do límite máximo de subvención establecido no punto anterior, para a determinación dos gastos de desprazamento, manutención e aloxamento (axuda de custos), aos que fai referencia a letra d) do artigo 9º desta orde, haberá que aterse, para calquera membro da tripulación do barco, ao disposto, para os funcionarios do grupo B, na normativa autonómica vixente nesta materia en cada momento, regulada actualmente polo Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia (DOG nº 122, do 25 de xuño) e pola Resolución do 29 de decembro de 2005 (DOG nº 250, do 30 de decembro).

4. No caso de se presentaren varias solicitudes para proxectos ou accións substancialmente idénticas, poderase establecer unha contía igual de subvención para todas elas, independentemente do importe solicitado.

5. Manterase a axuda, pero minorarase na fase de pagamento, se o investimento realizado é, por causa debidamente motivada, de contía inferior á que se considerou subvencionable, e na mesma proporción.

Artigo 13º.-*Compatibilidade das subvencións.*

1. Sen prexuízo do establecido no punto 3 deste mesmo artigo, as axudas establecidas nestas bases reguladoras serán compatibles con calquera outra concedida por outras administracións públicas ou por entidades públicas ou privadas, sempre que non teñan financiamento parcial ou total de fondos procedentes doutro instrumento financeiro comunitario e a suma total das axudas non supere a porcentaxe máxima fixada, para a contribución pública, no Regulamento (CE) 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca.

2. No suposto que a suma de todas as axudas supere os ditos límites, procederase por resolución do órgano concedente á minoración da axuda concedida.

3. Exceptúanse do indicado no punto 1 deste artigo, as axudas concedidas, a propietarios, armadores e tripulantes, para a realización dun proxecto colectivo que teña por finalidade a da letra b) expresada no punto 3 do artigo 6º desta orde, e consista nunha paralización voluntaria temporal, xa que, neste caso, a axuda concedida será incompatible co exercicio de outra actividade remunerada durante o período da parada subvencionable así como coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

4. De acordo co previsto no artigo 5.2º.e), e nos anexos II.C (punto 7) e VII (punto 5), desta orde, o

beneficiario deberá comunicar por escrito ao órgano concedente a obtención de calquera outra subvención ou axuda e debendo achegar a resolución de súa concesión, se é o caso.

Artigo 14º.-Prazos de presentación de solicitudes e resolución.

1. Anualmente publicaranse os períodos de presentación de solicitudes para cada unha das anualidades de vixencia do Programa Operativo do FEP. Para a anualidade do 2008 o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

2. Aquelas solicitudes que non puidesen ser atendidas no período correspondente, exclusivamente por falta de disponibilidades orzamentarias, poderán ser tomadas en consideración no período seguinte, logo de confirmación polo solicitante e sen que isto supoña preferencia algunha como criterio de selección.

3. A resolución emitírase e notificarase aos interesados no prazo máximo de seis meses desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da correspondente convocatoria anual. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notifique a resolución posibilitará que os interesados poidan entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 15º.-Forma de presentación das solicitudes e documentación necesaria.

1. A solicitude presentarase, de acordo co modelo correspondente do anexo II da presente orde, nas delegacións territoriais ou comarcais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ou en calquera das oficinas ás que se refire o artigo 38º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Para proxectos individuais utilízase o modelo de solicitude do anexo II.A e para proxectos colectivos o modelo do anexo II.B (II.B.1 e II.B.2). Cando se trate de proxectos colectivos, na parte da solicitude relativa á identificación das persoas integrantes da agrupación, especificaranse os compromisos de execución que asume cada membro da agrupación así como o importe de subvención que hai que aplicar por cada un deles.

A solicitude presentarase acompañada, en orixinal ou copia cotexada e dúas copias simples, da documentación que se indica no anexo II.C. A solicitude de subvención acompañarase tamén do propio anexo II.C, indicándose nel a documentación que se presenta.

3. Ademais da documentación citada nos puntos precedentes deste mesmo artigo, poderase requirir o solicitante para que achegue cantos datos, aclaracións e documentación complementaria que resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. A documentación consistente na solicitude de subvención (anexo II), a relativa á acreditación da personalidade citada no punto 1 do anexo II.C, a relativa á acreditación da relación coa embarcación citada no punto 2 do anexo II.C e a descrición do proxecto (anexo III), considérase a documentación mínima imprescindible para a tramitación da solicitude, de maneira que non serán admitidas aquelas nas que se aprecie a ausencia dalgún destes documentos.

5. A solicitude e os seus anexos en formato electrónico poderanse descargar a través dos servizos de administración electrónica da páxina web <http://webpesca.xunta.es>.

Artigo 16º.-Tramitación das solicitudes.

1. As delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos analizarán os expedientes, requirirán a documentación necesaria, se é o caso, e emitirán un informe relativo ao cumprimento dos requisitos da convocatoria.

2. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou remita os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, terase por desistido na súa petición, despois da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 5.2º f) resulta que o solicitante non está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

3. Non se aplicará o disposto no número anterior ás solicitudes que non veñan acompañadas como mínimo da documentación sinalada no artigo 15.4º desta orde, que non serán admitidas.

4. A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá ser presentada no rexistro da Delegación Territorial da Consellería de Pesca a quen corresponda a tramitación do expediente, salvo que no escrito de requirimento se sinala outra cousa. A documentación presentada nun rexistro distinto poderá ser rexeitada se ten entrada no rexistro indicado no requirimento fóra do prazo inicial de 10 días conferidos para a súa entrega.

5. Sen prexuízo do disposto no punto 2 deste artigo, poderá requirirse ao solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

6. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas que, se é o caso, se produzan, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte. Para estes efectos, as delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos elaborarán un informe á vista do cal o Servizo de Acción Costeira Artesanal da Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca analizará e clasificará as solicitudes de acordo cos criterios fixados nas bases da convocatoria.

7. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na que se indicarán as causas que a motivan.

8. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e, se é o caso, rematado o prazo de emenda establecido no punto 2 deste artigo, o solicitante non poderá modificar a súa solicitude de axuda aumentando o importe total do investimento nin incluíndo novos conceptos para os cales solicita axuda.

Artigo 17º.-*Comisión de avaliación.*

1. Os expedientes serán avaliados por unha comisión de avaliación constituída na Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca, a cal, de non considerar necesaria máis documentación, emitirá un informe co resultado da selección das solicitudes propostas, que será incorporado ao expediente.

2. A comisión de avaliación estará composta polos seguintes membros:

a) Presidente: director/a xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

b) Vogais: subdirector/a xeral de Estruturas Pesqueiras, subdirector/a xeral de Recursos Mariños e de Xestión Administrativa, un funcionario adscrito á Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca

designado polo presidente/a e os xefes do Servizo de Estruturas e Mercados da Pesca de cada unha das Delegacións Territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

c) Un dos vogais da comisión, designado polo/a presidente/a, actuará como secretario.

3. En caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros do órgano colexiado poderán ser substituídos pola persoa que designe o/a presidente/a.

4. A comisión avaliadora poderá traballar asistida dos asesores que considere conveniente, así como solicitar informes a expertos técnicos na materia.

5. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, indicándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios fixados no artigo 18º desta orde. Así mesmo, indicárase a proposta do importe da subvención para cada un deles.

6. Establecerase unha lista de reserva con aquelas solicitudes que, reunindo os requisitos establecidos na orde de convocatoria, non acadaran a puntuación necesaria para ser seleccionados por falta de crédito.

7. A comisión de avaliación elevará proposta de resolución ao órgano concedente, quen ditará a correspondente resolución de concesión, logo da preceptiva fiscalización do gasto.

Artigo 18º.-*Criterios de avaliación.*

1. Os proxectos que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables. A comisión de avaliación poderá considerar como non viables proxectos ou actuacións presentados e, consecuentemente, propoñer a non concesión da subvención. Así mesmo, á vista das solicitudes presentadas, poderá establecer límites máximos de investimentos subvencionables tanto por beneficiario como por actuación ou concepto elixible, sen prexuízo dos límites máximos establecidos con carácter xeral no artigo 12º desta orde.

2. Polo que respecta a proxectos colectivos, os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da prelación dos proxectos presentados, serán os seguintes, establecéndose para cada un deles a conseguinte ponderación:

2.1. En primeiro lugar, seguirase a seguinte orde de preferencia, segundo a finalidade dos proxectos expresada no punto 3 do artigo 6º desta orde: a), b), c) e d). A puntuación que se lle dea aos proxectos segundo este criterio ponderarase en función dos distintos aspectos deles que se mencionan a continuación dentro de cada finalidade.

2.1.1. Proxectos coa finalidade da letra a), a organización da cadea de produción, transformación e comercialización dos produtos pesqueiros procedentes das capturas dos buques que exerzan a pesca costeira artesanal: ata un máximo de 50 puntos.

2.1.2. Proxectos coa finalidade da letra b), a adopción de medidas de carácter voluntario para reducir o esforzo pesqueiro coa finalidade de conservar os recursos: ata un máximo de 40 puntos.

Dentro destes proxectos serán preferentes os relativos a paralizacións voluntarias definitivas fronte aos relativos a paralizacións voluntarias temporais.

Dentro dos proxectos relativos a paralizacións voluntarias definitivas serán preferentes, en primeiro lugar, os relativos a embarcacións que teñan unha antigüidade media maior, e, en segundo lugar, aqueles nos que a paralización definitiva teña unha maior incidencia na conservación dos recursos.

Dentro dos proxectos relativos a paralizacións voluntarias temporais, serán preferentes, en primeiro lugar, aqueles que teñan unha maior incidencia na conservación dos recursos; en segundo lugar, os que contén cunha porcentaxe maior, por enriba do 90%, de subscrición do proxecto da paralización voluntaria temporal ao que fai referencia o artigo 7.3º.1 desta orde.

2.1.3. Proxectos coa finalidade da letra c), a utilización de innovacións tecnolóxicas (técnicas de pesca máis selectivas que vaian máis alá das obrigas en virtude da lexislación comunitaria ou innovacións co fin de protexer as artes e as capturas dos depredadores) que non aumenten o esforzo pesqueiro: ata un máximo de 30 puntos.

Dentro destes proxectos serán preferentes os que consistan en técnicas de pesca máis selectivas que vaian máis alá das obrigas en virtude da lexislación comunitaria fronte os que consistan en innovacións co fin de protexer as artes e as capturas dos depredadores; así mesmo, dentro de cada unha das finalidades da letra c), serán preferentes os que consistan en innovacións que vaian estudarse ou estean avaladas por algún organismo oficial ou por un organismo científico ou tecnolóxico, todos eles, en materia pesqueira.

2.1.4. Proxectos coa finalidade da letra d), a mellora das aptitudes profesionais e da formación no ámbito da seguridade: ata un máximo de 20 puntos.

Dentro destes proxectos serán preferentes os destinados á formación no ámbito da seguridade fronte aos destinados á mellora das aptitudes profesionais.

2.2. En segundo lugar, serán preferentes os proxectos que contén con maior número de participantes, valorándose este aspecto ata un máximo de 15 puntos.

2.3. En terceiro lugar, serán preferentes os proxectos cunha porcentaxe maior de participación de mulleres, valorándose este aspecto ata un máximo de 10 puntos.

3. Polo que respecta a proxectos individuais o criterio de avaliación que servirá de base para a determinación da prelación dos proxectos presentados será a súa finalidade segundo as distintas opcións expresadas no punto 2 do artigo 6º desta orde, seguíndose a seguinte orde de preferencia: a) e b).

3.1. Proxectos coa finalidade da letra a), a utilización de innovacións tecnolóxicas (técnicas de pesca máis selectivas que vaian máis alá das obrigas en virtude da lexislación comunitaria ou innovacións co fin de protexer as artes e as capturas dos depredadores) que non aumenten o esforzo pesqueiro: ata un máximo de 30 puntos.

Dentro destes proxectos serán preferentes os que consistan en técnicas de pesca máis selectivas que vaian máis alá das obrigas en virtude da lexislación comunitaria fronte aos que consistan en innovacións co fin de protexer as artes e as capturas dos depredadores; así mesmo, dentro de cada unha das finalidades da letra a), serán preferentes os que consistan en innovacións que vaian estudarse ou estean avaladas por algún organismo oficial ou por un organismo científico ou tecnolóxico, todos eles, en materia pesqueira.

3.2. Proxectos coa finalidade da letra b), a mellora das aptitudes profesionais e da formación no ámbito da seguridade: ata un máximo de 20 puntos.

Dentro destes proxectos serán preferentes os destinados á formación no ámbito da seguridade fronte aos destinados á mellora das aptitudes profesionais.

Artigo 19º.-*Resolución e aceptación.*

1. A resolución das solicitudes correspóndelle á conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, que poderá delegar a devandita competencia no director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

2. As resolucións serán notificadas ao solicitante que terá un prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a súa aceptación. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda.

3. A resolución indicará os investimentos considerados como subvencionables, así como as condicións xerais e particulares que se deben cumprir para poder percibir a axuda concedida. Así mesmo, indicará a anualización aprobada para a execución dos investimentos.

Artigo 20º.-*Recursos.*

A resolución de concesión da subvención porá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer-

se recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses se a resolución fose expresa e a contar desde o día seguinte á súa recepción, ou de seis meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo.

Artigo 21º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e, no seu caso, a obtención concorrente doutras subvencións e axudas concedidas por calquera outra entidade pública ou privada, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da subvención ou á súa revogación, no caso de considerarse que a modificación afecta a un aspecto substancial da concesión.

2. Calquera modificación dos investimentos ou gastos aprobados que supoña un cambio de beneficiario, prazos ou variación notoria do orzamento, así como de calquera condición específica indicada na resolución de concesión, requirirá resolución expresa por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e deberá ser comunicada por escrito con anterioridade á súa realización. O prazo para solicitar as modificacións rematará trinta días naturais antes da data límite de xustificación dos investimentos establecida na resolución de concesión

No escrito deixarase constancia debidamente motivada das razóns que aconsellan a modificación proposta.

3. A autorización para a modificación dos termos nos que foi concedida a axuda quedará condicionada aos seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade destas bases reguladoras e da convocatoria oportuna.

b) Que a modificación non cause prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

d) Que o proxecto modificado, en caso de que fora presentado co resto das solicitudes, resultara seleccionado na concesión inicial, seguindo os criterios de selección fixados.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, a súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha

vez instruído o correspondente expediente no que se dará audiencia ao interesado. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin se teñan en conta na resolución, outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

5. Como norma xeral non se admitirá a subrogación dun novo propietario ou persoa na condición de solicitante ou beneficiario das axudas, excepto nos casos de sucesión *mortis causa*, adquisición da propiedade como consecuencia de procesos de disolución e liquidación de persoas xurídicas, operacións de fusión ou escisión parcial ou total de sociedades ou naqueles outros casos nos que, a xuízo do órgano competente para a concesión das axudas, a transmisión da propiedade e a subrogación do novo propietario ou persoa na posición de solicitante ou beneficiario non desvirtúe a finalidade das axudas e se cumpran tódolos requisitos do punto 3 deste artigo.

En calquera caso, o novo beneficiario deberá cumprir os requisitos desta orde e asumir as obrigas derivadas da concesión.

Artigo 22º.-*Prazos de execución.*

1. Con carácter xeral, e salvo que a resolución individual de concesión de axuda dispoña un prazo distinto, o prazo para a xustificación material e documental da finalización dos investimentos será ata o 31 de outubro do ano correspondente ao exercicio económico de que se trate. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado por resolución expresa do órgano concedente previa solicitude do beneficiario e por causas debidamente motivadas, de acordo co establecido no artigo 21º desta orde. Cando a prórroga solicitada implique a ampliación ou modificación das anualidades da subvención concedida, a súa concesión requirirá a correspondente fiscalización previa, sendo imprescindible que o solicitante garanta o bo fin do investimento mediante aval polo importe do 5% do total da axuda máis os xuros calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión. O aval deberá ter unha vixencia mínima que comprenda os dous meses seguintes á data de xustificación final do investimento establecido na resolución de prórroga.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación xustificativa, entenderase que renuncia á subvención. Neste caso o órgano concedente ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 23º.-*Xustificación da realización do proxecto.*

1. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase de

acordo coas bases da convocatoria de axudas e a resolución de concesión.

2. A xustificación da realización do proxecto subvencionado e a solicitude de pagamento da subvención, tanto no caso de proxectos individuais como colectivos, presentarase nas delegacións territoriais ou comarcais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ou en calquera das oficinas ás que se refire o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e irán acompañadas da documentación, en orixinal ou copia cotexada e dúas copias simples, que se indica no anexo VII. A solicitude de pagamento da subvención acompañarase tamén do propio anexo VII indicándose nel a documentación que se presenta.

3. No caso de que os investimentos ou gastos fosen xustificados por menor contía que a considerada como subvencionable inicialmente, poderase minorar a axuda na mesma proporción, sempre que esta minoración non afecte a aspectos fundamentais do proxecto e non supoña unha realización deficiente deste.

4. En ningún caso o custo de adquisición ou de execución dos investimentos ou gastos subvencionables poderá ser superior ao seu valor de mercado.

5. No suposto de falta de xustificación documental ou material, o beneficiario perderá o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

Artigo 24º.-*Pagamento da subvención.*

1. O pagamento dos proxectos e investimentos concedidos conforme á resolución e ás presentes bases efectuarase unha vez xustificada de forma documental e material, cando así proceda, a realización do obxecto da subvención.

2. No caso de investimentos materiais, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento por parte da Administración, quedando constancia no expediente mediante o correspondente certificado de conformidade.

3. No caso de axudas plurianuais, o pagamento da primeira anualidade terá carácter de ingreso a conta, e a súa consolidación estará condicionada á finalización das actuacións obxecto da axuda, de acordo coa solicitude formulada e logo de conformidade da Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

4. No caso de axudas con varias anualidades, será necesario para o cobramento de cada unha das anualidades, excepto a última, a presentación dunha garantía en forma de aval bancario por un importe igual á cantidade que hai que pagar, máis os xuros de demora calculados ao tipo de xuro legal do diñei-

ro vixente no momento da concesión, e ata dous meses despois da data de xustificación final do investimento establecido na resolución.

5. No caso de que o solicitante non cumprise cos requisitos exixidos ou os requirimentos recibidos, e no prazo conferido para iso, estará obrigado a proceder ao reintegro da axuda nos termos regulamentariamente establecidos.

Artigo 25º.-*Garantías.*

Os avais previstos nos artigos 7.3º.2 (último parágrafo), 22.1º e 24.4º desta orde serán depositados na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Economía e Facenda.

Unha vez comprobada a realización dos investimentos ou gastos para os que se concedeu a subvención, as garantías serán liberadas.

Artigo 26º.-*Cesión ou transmisión das axudas.*

1. A cesión ou transmisión das axudas outorgadas ao abeiro desta orde non terán validez cando non sexan previamente autorizadas polo órgano que as concedeu, de acordo co establecido no artigo 5.2º.c) desta orde.

2. A transmisión dos bens obxecto das accións subvencionadas, dentro dos cinco anos seguintes á data da resolución de pagamento da axuda deberá ser previamente posto en coñecemento da autoridade que a outorgou para a súa autorización. No documento público da transmisión deberá o novo propietario subrogarse en todas as obrigas contraídas polo transmitinte e, en particular, deixar constancia do importe da axuda concedida, así como a de non efectuar ningunha modificación fundamental das establecidas no artigo 56 do Regulamento (CE) 1198/2006.

Dentro dos tres meses seguintes á data da transmisión, o transmitente remitirá á Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca, unha copia do documento público de transmisión.

3. O incumprimento das obrigas establecidas neste artigo será causa de reintegro da axuda.

Artigo 27º.-*Verificación posterior ao pagamento da subvención.*

Os servizos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos realizarán os controis oportunos para verificar que a acción subvencionada non teña, nos cinco anos seguintes á data da resolución de pagamento da axuda, unha modificación fundamental, das establecidas no artigo 56 do Regulamento (CE) 1198/2006.

Artigo 28º.-*Incumprimento e reintegro das axudas.*

1. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida e do xuro de demora correspondente,

desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos establecidos no artigo 33º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Para o devandito procedemento de reintegro terase en conta o establecido no capítulo II do título II da mencionada Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 29º.-Infraccións e sancións.

Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, aos beneficiarios das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 30º.-Autorizacións do beneficiario.

1. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para incluír e facer público nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións os datos relevantes referidos ás axudas recibidas, así como as sancións impostas conforme ao establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de estar ao día, nas obrigas tributarias e de Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puideran ser obtidos polo órgano xestor, poderanlle ser requiridos ao interesado.

Artigo 31º.-Información e publicidade.

1. En aplicación do establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

2. De conformidade co establecido no artigo 13, punto 4, da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial

(<http://webpesca.xunta.es>) a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. Así mesmo, os beneficiarios deberán cumprir co establecido no artigo 32 do Regulamento (CE) nº 498/2007 da Comisión, do 26 de marzo de 2007, que establece as disposicións sobre información e publicidade en relación coa financiamento do Fondo Europeo da Pesca que debe observar o beneficiario destas axudas, se é o caso.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todo o non previsto nesta orde observase o disposto na normativa mencionada no artigo 2 (marco normativo), así como nas prescricións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Delégase no director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca a resolución destas axudas.

Disposición transitoria

Unicamente con vixencia para o exercicio 2008, terase en conta a seguinte norma:

-Consideraranse subvencionables os investimentos en instalacións materiais fixas realizados desde o 1 de xaneiro de 2007 e que fosen pagados despois desa data. Para os efectos de acreditar o non inicio da execución deste tipo de investimentos para os que se solicita a axuda, en data anterior á publicación desta orde, realizados e pagados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2007, considerarase a acta notarial ou certificación de non inicio realizada polos servizos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, na que se deixe constancia deste feito. Non obstante, para este tipo de investimentos, se se inician con posterioridade á data de publicación desta orde, será requisito imprescindible para a concesión da axuda, que os servizos da consellería certifiquen o non inicio dos investimentos con anterioridade ao comezo da súa execución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2008.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

ANEXO I

CONTÍAS MÁXIMAS DA SUBVENCIÓN POR PARALIZACIÓN VOLUNTARIAS

a) Paralización voluntaria definitiva.

Baremo Contías máximas da indemnización	
Categoría da embarcación por clase de tonelaxe (GT)	Importe máximo da subvención por embarcación, en euros
0<10	$11.550 \times GT + 2.100$
10<25	$5.250 \times GT + 65.100$
25<100	$4.410 \times GT + 86.100$

- Os importes máximos das subvenciones veranse reducidos nun 1 % por cada ano que sobrepase os 20 anos, ata un máximo de 30 anos ou máis.
- Os importes máximos das subvencións veranse reducidos nun 50% no caso de que a embarcación se destine a tarefas non pesqueiras de carácter lucrativo.
- As subvencións por paralización voluntaria definitiva reduciranse nunha parte do importe percibido anteriormente no caso de axuda á modernización; esta parte calcularase proporcionalmente ao tempo transcorrido desde o remate dos traballos de modernización e a solicitude de paralización, no período de cinco anos precedentes á paralización voluntaria definitiva.
- No caso de perda da embarcación entre o momento da concesión da axuda e a paralización definitiva real, efectuarase unha corrección financeira equivalente á indemnización pagada polo seguro.

b) Paralización voluntaria temporal.

Baremo para propietarios ou armadores Contías máximas da indemnización	
Categoría da embarcación por clase de tonelaxe (GT)	Importe máximo da subvención por embarcación e día, en euros
0<25	$5,16 \times GT + 36 (*)$
25<50	$3,84 \times GT + 66$
50<100	$3,00 \times GT + 108$

(*) Garantíndose un mínimo de 100 € diarios.

Baremo para tripulantes
Os tripulantes poderán percibir unha subvención de 36 euros por día, incrementada nun 2 % anualmente.

c) Tanto en paralización voluntaria definitiva como en temporal, o dato de tonelaxe de arqueo bruto (GT) que se tomará en consideración para o cálculo das contías máximas de subvención expresadas nos cadros das letras a) e b) deste mesmo apartado, será o que consta, respecto de cada embarcación, no Censo da Flota Pesqueira Operativa e, en todo caso, o dato de GT que teña a embarcación para os efectos pesqueiros.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS
MARÍTIMOS

ANEXO II.A

UNIÓN
EUROPEA

FONDO EUROPEO DA PESCA



PROCEDEMENTO AXUDAS AUTONÓMICAS NA PESCA COSTEIRA ARTESANAL	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO PE114D	DOCUMENTO SOLICITUDE PROXECTOS INDIVIDUAIS
---	---	--

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FAX

E na súa representación, se é o caso:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DA EMBARCACIÓN

NOME DO BARCO	MATRÍCULA E FOLIO
Relación coa embarcación: ☐ PROPIETARIO ☐ ARMADOR ☐ TRIPULANTE	

DATOS DO PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

NOME DO PROXECTO (A DENOMINAR POLO SOLICITANTE)			
Importe subvención solicitada:	ANO 1 (ANO CONVOCATORIA)	ANO 2 (ANO SEGUINTE)	TOTAL

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DE SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE

AUTORIZO O ÓRGANO XESTOR

- A obter dos organismos competentes os certificados de que estou ao día no cumprimento das obrigas tributarias e sociais e non teño débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia.
 - A facer públicos nos rexistros do artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, se é o caso.
 - A publicar, en virtude do artigo 13 punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, na páxina web da consellería, o feito de seren beneficiarios dunha axuda e o seu importe, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario.
 DECLARO: Non estar incurso en ningunha das causas de prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario duna subvención

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Regulamento (CE) nº 1198/2006, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca.
 - Orde do 5 de agosto de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións na pesca costeira artesanal, cofinanciadas polo Fondo Europeo da Pesca (FEP), e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2008.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE
EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS
MARÍTIMOS

ANEXO II.B.1

UNIÓN
EUROPEA



FONDO EUROPEO DA PESCA

PROCEDEMENTO AXUDAS AUTONÓMICAS NA PESCA COSTEIRA ARTESANAL	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO PE114D	DOCUMENTO SOLICITUDE PROXECTOS COLECTIVOS
---	---	---

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME DA AGRUPACIÓN (a denominar polos seus membros):				
DATOS DO/A REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN (Os seus membros figuran no Anexo II.B.2)				
Se o/a representante é persoa física				
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF	
ENDEREZO			LOCALIDADE	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
Se o/a representante é persoa xurídica				
NOME OU RAZÓN SOCIAL			ACRÓNIMO	
ENDEREZO			LOCALIDADE	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
E, na súa representación				
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF	
ENDEREZO			LOCALIDADE	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	

DATOS DO PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

NOME DO PROXECTO (A DENOMINAR POLA AGRUPACIÓN)			
Importe total subvención solicitada <i>(suma de todos os membros):</i>	ANO 1 (ANO CONVOCATORIA)	ANO 2 (ANO SEGUINTE)	TOTAL

AUTORIZO O ÓRGANO XESTOR

- A obter dos organismos competentes os certificados de que a entidade que represento está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e sociais e non ten débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia.
- A facer públicos nos rexistros do artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, se é o caso.
- A publicar, en virtude do artigo 13 punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, na páxina web da consellería, o feito de seren beneficiarios dunha axuda e o seu importe, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario.

DECLARO: Non estar incurso a entidade que represento en ningunha das causas de prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subvención

LEXISLACIÓN APLICABLE - Regulamento (CE) nº 1198/2006, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca. - Orde do 5 de agosto de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións na pesca costeira artesanal, cofinanciadas polo Fondo Europeo da Pesca (FEP), e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2008.	(Para cubrir pola Administración) <table border="1"> <tr> <td>RECIBIDO</td> <td rowspan="3"> NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____ </td> </tr> <tr> <td>REVISADO E CONFORME</td> </tr> <tr> <td></td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____	REVISADO E CONFORME	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____				
REVISADO E CONFORME					
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____, de _____ de _____					

ANEXO II.B.2

DATOS DAS PERSOAS INTEGRANTES DA AGRUPACIÓN SOLICITANTE

Nome agrupación (a denominar polos seus membros)			
Nome do proxecto (a denominar pola agrupación)			
Importe total subvención solicitada (suma de todos os membros):	ANO 1 (ANO CONVOCATORIA)	ANO 2 (ANO SEGUINTE)	TOTAL

MEMBROS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
NOME DO BARCO		MATRÍCULA E FOLIO	
Relación coa embarcación:			
☐ PROPIETARIO ☐ ARMADOR ☐ TRIPULANTE			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DE SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
Importe subvención individual solicitada:		ANO 1 (ANO CONVOCATORIA)	ANO 2 (ANO SEGUINTE)
Sinatura			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
NOME DO BARCO		MATRÍCULA E FOLIO	
Relación coa embarcación:			
☐ PROPIETARIO ☐ ARMADOR ☐ TRIPULANTE			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DE SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
Importe subvención individual solicitada:		ANO 1 (ANO CONVOCATORIA)	ANO 2 (ANO SEGUINTE)
Sinatura			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
NOME DO BARCO		MATRÍCULA E FOLIO	
Relación coa embarcación:			
☐ PROPIETARIO ☐ ARMADOR ☐ TRIPULANTE			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DE SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
Importe subvención individual solicitada:		ANO 1 (ANO CONVOCATORIA)	ANO 2 (ANO SEGUINTE)
Sinatura			

AUTORIZO O ÓRGANO XESTOR

- A obter dos organismos competentes os certificados de que estou ao día no cumprimento das obrigas tributarias e sociais e non teño débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia.
 - A facer públicos nos rexistros do artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, se é o caso.
 - A publicar, en virtude do artigo 13 punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, na páxina web da consellería, o feito de seren beneficiarios dunha axuda e o seu importe, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario.
- DECLARO: Non estar incurso en ningunha das causas de prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención
- Ter nomeado como representante da Agrupación a persoa citada no anexo II.B.1 desta solicitude

ANEXO II.C

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

No caso de proxectos colectivos a documentación que debe achegarse referirase a cada unha das persoas integrantes da agrupación.

1. Acreditación da personalidade.**1.1. Se o interesado é persoa física:**

- ☐ Copia compulsada do DNI.

1.2. Se o interesado é persoa xurídica:

- ☐ Copia compulsada da tarxeta fiscal.
- ☐ Certificación rexistral na que figure a constitución da sociedade e os estatutos vixentes.
- ☐ Copia compulsada do DNI do representante.
- ☐ Poder suficiente do representante.

2. Acreditación da relación coa embarcación.**2.1. Se o interesado é propietario:**

- ☐ Certificación rexistral actualizada da propiedade da embarcación. Cando, tratándose de persoas xurídicas, nesta certificación conste o poder suficiente do representante, non será necesario acompañar o mencionado poder citado no apartado 1.2 anterior.

2.2. Se o interesado é armador:

- ☐ Copia compulsada do contrato de arrendamento da embarcación.
- ☐ Na copia da folia de asento da embarcación que se pide no apartado 3 deberá figurar como armador.

2.3. Se o interesado é tripulante:

- ☐ Fotocopia compulsada da inscrición do interesado no rol de dotación da embarcación.

3. ☐ Copia certificada e actualizada da folia de asento de inscrición marítima da embarcación coa que teña relación o interesado, expedida con non máis de 3 meses de anterioridade en relación á data de presentación da solicitude de subvención.

4. ☐ Orzamentos ou facturas pro forma relativos aos investimentos ou gastos que se pretenden realizar. No caso de proxectos colectivos, estes orzamentos ou facturas pro forma deberán ser necesariamente individuais a nome de cada unha das persoas membros da agrupación. Cando o importe do investimento ou gasto subvencionable, para cada interesado ou persoa membro da agrupación, supere a contía de 30.000 euros, no suposto de obras, ou de 12.000 euros, no suposto de subministración de bens de equipo ou de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o solicitante deberá achegar un mínimo de 3 ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía na proposta económica máis vantaxosa.

5. ☐ Descrición detallada do proxecto segundo o modelo correspondente do anexo III.

6. ☐ Certificación de entidade bancaria relativa á conta da que é titular o interesado, que será, se é o caso, na que se fará efectivo o pagamento da subvención. No caso de proxectos colectivos, acompañarase unha certificación por cada unha das persoas membros da agrupación.

7. ☐ Declaración doutras subvencións ou axudas solicitadas ou recibidas para o mesmo proxecto, segundo modelo do anexo IV. No caso de proxectos colectivos, acompañarase unha declaración por cada unha das persoas membros da agrupación.

8. ☐ Nos casos nos que sexa necesaria, declaración de non ter iniciado o proxecto para o que se pide subvención. No resto dos casos, solicitude para que sexa realizada, polos servizos de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a certificación de non inicio. Todo isto segundo o establecido no artigo 11º desta orde.

9. ☐ Nos casos nos que sexan necesarias, autorizacións para realizar os investimentos para os que se solicita subvención. No caso de non telas, achegarse copia da solicitude de autorización que se presentara, debendo achegarse a autorización, a máis tardar, coa xustificación da realización do investimento cando se solicite o pagamento da subvención.

10. Ademais, cando a solicitude sexa para realizar cursos de formación (letra b do punto 2 e letra d do punto 3, do artigo 6º) e se solicite axuda para gastos de desprazamento, manutención e aloxamento (axudas de custo), deberase achegar:

- ☐ Certificado de empadramento do interesado.
- ☐ Os orzamentos ou facturas pro forma aos que fai referencia o punto 4 anterior, deberán especificar: localidade, nº de días, días de semana e horario, relativos á súa realización.

11. Ademais cando, tratándose de proxectos colectivos, a solicitude teña por finalidade realizar unha paralización voluntaria temporal (letra b, do punto 3, do artigo 6º), deberase achegar:

- ☐ Relación de pescadores que forman parte da tripulación da embarcación obxecto de paralización, no momento de solicitar a subvención, cos seus nomes e apelidos, NIF e nº de afiliación ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, asinada polo propietario ou armador da embarcación, segundo o modelo do anexo V. Esta relación virá acompañada da fotocopia compulsada da inscrición dos tripulantes no rol de dotación da embarcación.

- ☐ Na declaración doutras subvencións ou axudas á que fai referencia o punto 7 anterior, asinarase, por cada interesado afectado, o punto relativo ao compromiso de non realizar actividade remunerada, nin percibir ingresos ou recursos para a mesma finalidade, durante os días de duración da paralización.

12. Ademais cando, tratándose de proxectos colectivos, a solicitude teña por finalidade realizar unha paralización voluntaria definitiva (letra b, do punto 3, do artigo 6º), deberase achegar:

- ☐ Relación de pescadores que forman parte da tripulación da embarcación obxecto de paralización, no momento de solicitar a subvención, cos seus nomes e apelidos, NIF e nº de afiliación ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, asinada polo propietario ou armador da embarcación, segundo o modelo do anexo V. Esta relación virá acompañada da fotocopia compulsada da inscrición dos tripulantes no rol de dotación da embarcación.

- ☐ Na certificación rexistral actualizada da propiedade da embarcación á que fai referencia o punto 2.1, deberá constar o estado de cargas ou gravames da embarcación.

- ☐ Copia compulsada do contrato de seguros relativo á embarcación no que conste a indemnización que se pagará pagar, se é o caso, pola perda do barco.

- ☐ Certificado de despachos, expedida pola Capitanía Marítima correspondente, acreditativa de que a embarcación foi despachada para a actividade pesqueira exixida no punto 3.2 do artigo 7º desta orde.

- ☐ Compromiso de retirada da actividade pesqueira segundo o modelo do anexo VI.

ANEXO III

DESCRICIÓN DO PROXECTO

Nome do proxecto:		
Proxectos individuais		
PRIMEIRO APELIDO SOLICITANTE	SEGUNDO APELIDO SOLICITANTE	NOME SOLICITANTE
Proxectos Colectivos		
NOME AGRUPACIÓN		

1. Finalidade

2. Finalidade segundo artigo 6º

Proxectos individuais (punto 2)	Letra a	☐	Letra b	☐				
Proxectos colectivos (punto 3)	Letra a	☐	Letra b	☐	Letra c	☐	Letra d	☐

3.- Utilidades que se espera se deriven da realización do proxecto

4.- Período de realización do proxecto

No mesmo ano da convocatoria (ano 1)	☐
Repartido en 2 anualidades (ano da convocatoria –ano 1- mais o ano seguinte –ano 2-)	☐

Detalle

(no caso de proxectos colectivos detallarase por cada membro da agrupación)

Ano 1


Ano 2

Total[illegible]

6.- Subvención que se solicita

[illegible]

7.- Outros aspectos que hai que destacar do proxecto



*No caso de que os datos que hai que proporcionar non caiban nos recadros, utilizar folla á parte.

ANEXO IV

DECLARACIÓNS DO SOLICITANTE

(No caso de proxectos colectivos asinarase unha declaración por cada membro da agrupación)

- I. SOLICITUDE ☐
- II. PAGAMENTO ☐

Don / Dona

solicitante de subvención na pesca costeira artesanal na convocatoria do ano

para o proxecto

(Individual ☐ Colectivo ☐)

1) DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS OS DATOS QUE ABAIXO FIGURAN ACERCA DO FINANCIAMENTO DO PROXECTO

Axudas concedidas:

- ☐ Non se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
- ☐ Si se me concedeu axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda	Importe	Convocatoria no Diario Oficial	Data da convocatoria	Data de resolución	Entidade concedente

Axudas solicitadas:

- ☐ Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
- ☐ Si solicitei axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda	Importe	Convocatoria no Diario Oficial	Data da convocatoria	Data de resolución	Entidade concedente

Lugar e data

, de

Asdo.:

2) COMPROMISO / DECLARACIÓN DE NON ACTIVIDADE REMUNERADA

(Só para proxectos de paralización voluntaria temporal)

Así mesmo, por consistir o proxecto para o que solicito subvención, nunha paralización voluntaria temporal:

- ☐ Comprométome a non realizar actividade remunerada, nin percibir ingresos para a mesma finalidade, durante o período de parada subvencionable (marcar no caso de facer esta declaración no momento de solicitar a subvención)
- ☐ Declaro que non realicei actividade remunerada ningunha nin percibín ingresos para a mesma finalidade durante o período de parada subvencionada (marcar no caso de facer esta declaración no momento de pedir o pagamento da subvención, unha vez realizado o proxecto).

Lugar e data

, de

Asdo.:

ANEXO V

**Relación de tripulantes do barco ao solicitar a axuda
(só para proxectos de paralización voluntaria, definitiva e temporal)**

O/A propietario/armador	
do buque pesqueiro	

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que a relación de pescadores que forman a tripulación do buque pesqueiro citado, debidamente enrolados ao formular a solicitude de axuda de pesca costeira artesanal ascende a un total de tal como se desprende do rol de dotación do barco, e a súa relación nominal é a seguinte:

[illegible]

Lugar e data

de de

Sinatura:

ANEXO VI

**Compromiso da retirada da actividade pesqueira
(Só para proxectos de paralización voluntaria definitiva)**

O/A solicitante

COMPROMÉTESE, caso de ser seleccionado o seu expediente e concedida a axuda por paralización voluntaria definitiva do buque pesqueiro:

_____ a cesar con carácter definitivo na actividade pesqueira de dito barco, depositando a documentación pertinente e dándose de baixa nos rexistros correspondentes, materializando efectivamente a paralización dentro de prazo, polo procedemento que sinalo a continuación

☐ Despezoamento

☐ Asignación definitiva á tarefa non pesqueira seguinte:

☐ Posta en terra para fins ornamentais garantindo a súa non flotabilidade.

Así mesmo,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, que o buque está activo no momento de solicitar esta axuda, comprometéndome a mantelo activo, salvo causa de forza maior ou decisión en sentido contrario, que comunicaría inmediatamente á administración xestora, ata a resolución deste expediente.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Sinatura:

ANEXO VII

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA A PETICIÓN DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

1. ☐ Memoria sobre a realización do proxecto onde se indiquen as incidencias habidas na súa execución.
2. ☐ Relación de investimentos ou gastos realizados, ou no caso das paralizacións indemnizacións que se solicitan, agrupados por concepto e, no caso de proxectos colectivos, tamén por beneficiario.
3. ☐ Facturas dos investimentos ou gastos realizados, das que haberá que achegar orixinal e dúas copias simples de cada unha delas. No caso de proxectos colectivos, estas facturas serán individualizadas a nome de cada unha das persoas integrantes da agrupación. Cada factura virá acompañada do xustificante do seu aboamento, que poderá ser xustificante ou certificación bancaria ou certificación do acreedor. No caso de paralizacións, non será necesaria a presentación de factura ningunha.
4. ☐ Nos casos nos que fosen necesarias e non foran presentadas acompañando á solicitude de subvención, autorizacións para realizar os investimentos ou gastos do proxecto subvencionado.
5. ☐ Declaración doutras subvencións ou axudas solicitadas ou recibidas para o mesmo proxecto, segundo modelo do anexo IV.
6. ☐ No caso de que haxa variación en relación á achegada coa solicitude de subvención, certificación de entidade bancaria relativa á conta da que é titular o interesado, na que se fará efectivo o pagamento da subvención.
7. ☐ Calquera outra documentación que se indique na resolución de concesión.
8. Ademais, cando a finalidade do proxecto fose realizar cursos de formación (letra b do punto 2 e letra d do punto 3, do artigo 6º), deberase achegar:
 - ☐ Declaración conforme o interesado asistiu ao curso, con mención expresa dos días, horario e localidade de realización. Esta declaración será realizada polo profesor ou entidade que os impartira.
9. Ademais, cando a finalidade do proxecto fose realizar cursos de formación (letra b do punto 2 e letra d do punto 3, do artigo 6º) e se tivese solicitado e concedido axuda para gastos de desprazamento, manutención e aloxamento (axudas de custo), deberase achegar:
 - ☐ As facturas individuais do interesado, ás que fai referencia o punto 3 anterior, deberán especificar: localidade, nº de días, días de semana e horario, relativos á súa realización.
10. Ademais cando, tratándose de proxectos colectivos, a solicitude teña por finalidade a realización dunha paralización voluntaria temporal (letra b, do punto 3, do artigo 6º), deberase achegar:
 - 10.1. Acreditación da materialización da paralización temporal:
 - ☐ Certificación da capitania marítima onde a embarcación teña o seu porto base, de ter depositado o rol da embarcación, na que se faga constar a data e organismo ou dependencia onde foi depositado o rol así como o período de inmovilización.
 - ☐ Na declaración doutras subvencións ou axudas á que fai referencia o punto 5 anterior, asinarase por cada interesado o punto relativo á declaración de non ter realizado actividade remunerada, nin ter percibido ingresos ou recursos para a mesma finalidade, durante os días de duración da paralización.
11. Ademais cando, tratándose de proxectos colectivos, a solicitude teña por finalidade a realización dunha paralización voluntaria definitiva (letra b, do punto 3, do artigo 6º), deberase achegar:
 - 11.1. Acreditación da materialización da paralización definitiva:
 - ☐ No caso de despezoamento: certificación da capitania marítima correspondente acreditativa de que a embarcación foi efectivamente despezada e causou baixa no Censo da Flota Pesqueira Operativa.
 - ☐ No caso de reconversión para actividades non relacionadas coa pesca: baixa no Censo da Flota Pesqueira Operativa e resolución de autorización de materialización da paralización mediante a súa asignación definitiva a actividades non relacionadas coa pesca.
 - 11.2. ☐ Acreditación de ter notificado formalmente a todos os tripulantes da embarcación a concesión da axuda por paralización definitiva do buque, mediante a aportación do documento de comunicación que se une como anexo VIII desta orde, debidamente cuberto, acompañándoa coa fotocopia compulsada da inserción dos tripulantes no rol do buque no momento do cesamento da actividade pesqueira.
 - 11.3. ☐ Certificación rexistral da propiedade da embarcación conforme está libre de cargas, se non foi achegada coa solicitude

ANEXO VIII

(Só para proxectos de paralización voluntaria definitiva)

Notificación aos tripulantes da concesión da axuda por paralización voluntaria definitiva

O propietario/armador
beneficiario dunha axuda por paralización voluntaria definitiva do buque pesqueiro
concedida por resolución do día , dentro da agrupación denominada
para a realización do proxecto

ACREDITO

A notificación formal que consta a continuación, a todos os tripulantes do dito barco, debidamente enrolados neste no momento da materialización da paralización voluntaria definitiva.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Sinatura: _____

NOTIFICACIÓN AOS TRIPULANTES

Ponse en coñecemento, en cumprimento da normativa autonómica e básica do Estado, o seguinte:

1.-Ao propietario do buque pesqueiro

Concedéuselle unha axuda pola paralización voluntaria definitiva dentro das axudas de pesca costeira artesanal.

2.- Como tripulante do dito barco pode ser beneficiario dunha axuda socioeconómica, prevista no Regulamento (CE) nº 1198/2006, do 27 de xullo (DOUE do 15 de agosto), se a solicita e reúne todos os requisitos para isto.

3.- A axuda socioeconómica ten carácter estrutural, vinculada á reestruturación do sector pesqueiro e é totalmente independente da relación laboral entre o tripulante e a empresa armadora.

Notificado e enterado

NOME

DNI

Sinatura: _____

Notificado e enterado

NOME

DNI

Sinatura: _____

Notificado e enterado

NOME

DNI

Sinatura: _____

Notificado e enterado

NOME

DNI

Sinatura: _____

Notificado e enterado

NOME

DNI

Sinatura: _____

Notificado e enterado

NOME

DNI

Sinatura: _____